




Entrevistamos a...



Margarita Ruíz Saiz-Aja
SUBDIRECTORA GENERAL
ADJUNTA DE RESIDUOS,
MAGRAMA

"Los mayores esfuerzos en gestión de residuos han de dedicarse a prevención"

[Ler máis...](#)



Javier Medela Gallego
ALFÉREZ XEFE SECCIÓN
SEPRONA COMANDANCIA DA
GARDA CIVIL DE A CORUÑA

"A protección do medio ambiente é unha tarefa cotiá na que todos temos que pór o noso gran de area"

[Ler máis...](#)

Novas

Posta en común dun *modus operandi* para o eficiente tratamento dos residuos en Galicia



A Sociedade pública organizou a comezos de xullo un curso especializado en Pontevedra co apoio da UIMP

A autocompostaxe segue sumando: 1.500 vivendas en 30 municipios

Adxudicada a recuperación de vidro, aceiro residual e aluminio

Fin de curso dos programas educativos Ecovoz e "Recíclate con Sogama"

[Máis novas...](#)

Mundo SOGAMA

"Busco a sostibilidade de Sogama desde todas as dimensións, incluída a económica"

O presidente da Sociedade, Luís Lamas, fai balance dos seus máis de catro anos ao fronte da Sociedade

O máximo responsable da empresa pública móstrase especialmente satisfeito de que a grave situación medioambiental que se atopou á súa chegada no vertedoiro de Areosa, se teña normalizado

[Ler máis...](#)



Multimedia

Escaparate ao mundo.

Vídeo institucional en inglés



A familia Trebón aprende como facer compost. Capítulo 4

Dámosche ideas para entreterte nas tardes de verán!

Xogo interactivo "Separa para reciclar" e Caderno Verde

[Ver máis...](#)

Actualidade

A campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor" percorrerá 150 municipios

[Ler máis...](#)



Eventos

Xaquedrim, a nova mascota do xadrez

Actividades para celebrar o Día do Medio Ambiente

Voz Natura despídese ata o próximo outono

"Cervo Respecta 2013" pon en valor o patrimonio galego

[Máis eventos...](#)

Receitario

Que comes hoxe?

Dámosche algunhas ideas!



- Salpicón de peixe sapo, gambas e mexillóns
- Porco con verduras e soia
- Bonito enrolado con ensalada
- Dartoise de pexego

[Ver receitas...](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Boletín Informativo XULLO 2013



Margarita Ruíz Saiz-Aja

Subdirectora General Adjunta de Residuos. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. MAGRAMA

"Aprovechar los recursos contenidos en los residuos nos hará ser más eficientes"

La responsable del Magrama participó a principios de mes o en el curso "La gestión sostenible de los residuos urbanos" organizado por Sogama en colaboración con la UIMP. Allí trasladó a los asistentes las novedades de la ley estatal de Residuos y Suelos Contaminados que apuesta por un eficaz aprovechamiento de los recursos contenidos en los residuos. Con esta normativa se esperan cumplir los objetivos comunitarios en la materia y en el ámbito nacional, analizar óptimas formas de gestión y tratamiento desde un punto de vista ambiental, técnico y económico al menor coste posible.

Gran parte de su trayectoria profesional como Funcionaria de Carrera de la Administración Pública Estatal ha estado ligada al ámbito de los residuos. Primero, como Técnico Superior en la Subdirección General de Prevención de Residuos, luego como Consejera Técnica de la Subdirección General de Producción y Consumo Sostenibles, y ahora como Subdirectora General Adjunta de Residuos. Desde su experiencia y amplio conocimiento, cómo describiría la evolución en la gestión de los desechos durante los últimos años.

"Los nuevos instrumentos desarrollo en el marco normativo van a aumentar la transparencia en la gestión de los residuos y la trazabilidad"

En términos globales, se puede decir que en los últimos años, en España se ha mejorado de forma significativa la gestión de los residuos como consecuencia de la entrada en vigor de la diferente normativa de residuos que establecen objetivos concretos de reciclado y valorización, del incremento de infraestructuras de tratamiento, de la mayor sensibilización tanto en las Administraciones como en los sectores y en la sociedad en conjunto, de la consolidación de un sector empresarial especializado en la gestión de los residuos y de la investigación y desarrollo en esta materia. Ello ha permitido situar a España, en comparación con el resto de países de la UE, en una posición intermedia en lo que a gestión de residuos de competencia municipal se refiere, en posiciones similares a la de Francia, Italia o Finlandia.

La entrada en vigor de la Ley 22/2011, de 28 de julio, de Residuos y Suelos Contaminados, supondrá un paso adelante en la protección del entorno y la salud pública. En líneas generales, qué aportaciones de mayor calado traerá consigo la aplicación de esta norma.

La entrada en vigor de la Ley de residuos y suelos contaminados supondrá una apuesta clara por la prevención y el reciclado de residuos tal y como marcan las orientaciones europeas de la política de residuos. La prevención supondrá no sólo la desvinculación del crecimiento económico de la generación de residuos, sino también la reducción de la presencia de sustancias peligrosas en los productos, y por tanto en los residuos, y la disminución de los impactos ambientales asociados. El reciclado de calidad permitirá disponer, a partir de los residuos, de nuevas fuentes de materiales para incorporar a los procesos productivos. En definitiva, y globalmente, el aprovechamiento de los recursos contenidos en los residuos nos hará ser más eficientes.

Por otra parte, y teniendo en cuenta por una lado, la necesidad de cumplir los nuevos objetivos comunitarios en materia de residuos y, por otro la grave situación económica que atraviesa nuestro país, nos encontramos en un momento idóneo para analizar la gestión de los residuos desde un punto de vista ambiental, técnico y económico para adoptar aquellas medidas que, permitan garantizar el cumplimiento

"Debemos optimizar los sistemas de recogida existentes desde el punto de vista ambiental y económico para cumplir el objetivo de reciclado en 2020"

simultáneo de los diferentes objetivos establecidos en la diversa normativa de residuos (vertederos, envases, ley de residuos) al menor coste posible.

La prevención, la reducción, la reutilización y el reciclaje deben conformar los primeros pasos a seguir en la correcta gestión de los residuos. Entendemos que el objetivo último es visualizar los desechos como recursos y disminuir el vertido final. Qué encaje tiene en este contexto la valorización energética de los residuos no reciclables, cómo se contempla esta operación y con qué fin. El principio de jerarquía en la gestión de residuos es el principio básico y fundamental, que con carácter general que debe regir la política de residuos. Conforme a dicho principio, la primera opción de gestión es la prevención, seguida por este orden de la preparación para la reutilización, el reciclado, otras formas de valorización (incluida la energética) y por último, y como opción menos deseable, la eliminación. Por tanto, la valorización energética se encuentra situada en cuarta posición y como tal debe ser fomentada. Eso quiere decir que los mayores esfuerzos han de dedicarse a la adopción de medidas de prevención que reduzcan de forma significativa su impacto sobre el medio ambiente, así como su cantidad y peligrosidad. Para los residuos generados, y que no hayan podido ser objeto de reparación, las políticas de gestión deben orientarse a maximizar el aprovechamiento de los materiales contenidos en los residuos reduciendo el uso de los recursos naturales. Deben incrementarse las tasas de recogida separada y reciclado de papel, vidrio, plásticos, metales y biorresiduos.

Y una vez priorizado todo lo anterior, es decir, para la fracción resto que quede una vez maximizada la separación en origen de todas las fracciones, incluida la de los biorresiduos, o para la fracción rechazo de otros tratamientos de residuos, el aprovechamiento de la energía contenida en los residuos es la siguiente opción a considerar puesto que es una opción previa al vertido. Este aprovechamiento puede hacerse tanto en instalaciones de co-incineración como de incineración, pero en este último caso, tal y como señala la Ley de residuos y suelos contaminados, ese aprovechamiento debe realizarse de forma eficiente, lo que implica usar los residuos adecuados, con poder calorífico elevado, así como que la producción de energía no sólo sea en forma de electricidad sino también de calor siempre que sea posible. Y por supuesto, en todas estas instalaciones debe cumplirse con el máximo rigor la normativa destinada a la protección de medio ambiente.

Uno de los objetivos de la ley es aumentar la transparencia en la gestión de los residuos y posibilitar su trazabilidad. Qué instrumentos se van a utilizar para ello.

La Ley incluye algunos instrumentos cuyo desarrollo y aplicación van a contribuir a aumentar la transparencia en la gestión de los residuos y la trazabilidad. Por una parte, el Registro de Producción y Gestión de residuos permitirá disponer de información sobre la gestión de residuos, la revisión de la normativa sobre responsabilidad ampliada del productor permitirá disponer de información sobre la puesta en el mercado de productos y sobre la gestión de sus residuos y sus costes asociados. Por otra parte, la acreditación documental de que se ha realizado la gestión, junto con el documento de identificación que ha de acompañar a todos los traslados de residuos, son dos de los elementos que permiten garantizar la trazabilidad.

"Los ciudadanos por supuesto que tienen una parte de responsabilidad en la gestión de los residuos que generan"

La plena aplicación de todos y cada uno de esos elementos necesariamente ha de repercutir en un mayor control de la gestión de los residuos y por tanto, en una mejora importe en la misma.

Según los datos hechos públicos por Eurostat, España cuenta con una tasa de reciclaje del 15% y un porcentaje de vertido del 58%. Cómo se pueden mejorar estas cifras para que nuestro país camine realmente hacia la denominada "sociedad europea del reciclado". Según la información disponible en el Ministerio y calculada siguiendo la decisión comunitaria de 2011 para el cálculo de objetivos de la directiva marco de residuos y las recomendaciones realizadas por Eurostat, España en 2010 había alcanzado el 18% de reciclado, cifra que se incrementaría al 30% si se computara el material bioestabilizado si hay total seguridad de que se ha usado en el suelo para su mejora. Si bien, pienso que estos objetivos son alcanzables y podemos conseguirlo, considero que es necesario poner en marcha un conjunto de medidas destinadas a mejorar la recogida, reciclaje y gestión de cada una de las fracciones fundamentales de los residuos domésticos: biorresiduos, plástico, metal, vidrio y papel-cartón. En definitiva debemos optimizar los sistemas de recogida existentes, tanto desde un punto de vista ambiental como económico, para garantizar el cumplimiento del objetivo de reciclado en 2020. Esto se logrará con la colaboración y el esfuerzo de la administración y los sectores económicos y la implicación de los ciudadanos.

Los ciudadanos vemos la gestión de la basura como un área que compete a la Administración y que nos exige de cualquier responsabilidad al respecto. La educación constituye aquí una vía de importancia trascendental de cara a lograr una mayor implicación de la población, pero ¿y la sanción? ¿Sería más efectiva?

Los ciudadanos por supuesto que tienen una parte de responsabilidad en la gestión de los residuos que generan. Deben separarlos y depositarlos conforme a lo que establezcan las respectivas ordenanzas municipales, y en caso de no realizarse conforme a éstas, pueden ser objeto de la pertinente sanción. Antes de llegar a ese punto creo que el ciudadano debe disponer de información clara, sencilla y transparente de cómo debe gestionar sus residuos, cuánto cuesta, los beneficios ambientales, económicos y sociales y cómo sus acciones repercuten en dicha gestión. En esta labor de sensibilización juegan un papel importante tanto los sistemas colectivos de responsabilidad ampliada del productor como las administraciones públicas. Todo ello hará que el ciudadano sea plenamente consciente de la necesidad de gestionar los residuos adecuadamente y no habrá de ser necesario recurrir a la sanción.

Entrevistamos a...

Javier Medela Gallego
Alferez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Reciclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Boletín Informativo () ŽŽ# 2013



Javier Medela Gallego

Alferez Xefe Sección SEPRONA
Comandancia da
Garda Civil de A Coruña

"Medio ambiente é todo"

Pode dicirse que o traballo do SEPRONA, a única Policía Xudicial Verde de Europa recoñecida incluso por organizacións ecoloxistas, é transversal. O seu labor diario abarca áreas tan diversas como patrimonio histórico ou caza e pesca xa que, como afirma o Alferez Xefe Javier Medela Gallego "medio ambiente, dende o punto de vista que nos rodea, é todo". As dúas áreas que máis problemas lles ocasionan son os incendios forestais e os vertedoiros incontrolados, polo que a concienciación cidadá e o cambio dos hábitos seguen a ser dous temas a traballar dende a base.

Case todos vinculamos o servizo do SEPRONA coa protección da natureza, pero en que áreas medioambientais traballan concretamente?

A principal misión do SEPRONA é velar polo cumprimento das disposicións que tendan á conservación da natureza e do medio ambiente, dos recursos hidráulicos, así como da riqueza piscícola, forestal e de calquera outra índole relacionada coa natureza. Polo tanto, non traballamos nun área concreta, senón que abarcamos áreas tan dispares como a ordenación do territorio, residuos, incendios forestais, patrimonio histórico, caza, pesca, sanidade animal e vexetal e un longo etcétera xa que o medio ambiente, dende o punto de vista que nos rodea, é todo.

"Debido á crise, un problema en auxe son os vertedoiros incontrolados que danan o contorno que nos rodea"

"Garantir o dereito dos cidadáns a gozar dun medio ambiente axeitado, así como o deber de conservalo" constitúe un mandato constitucional. Teno interiorizado a cidadanía?

Respecto aos dereitos, a xente asimílaos moi rápido, o problema xurde cos deberes. A cidadanía quere ver o seu contorno

limpo, sen embargo esperan non ter que facer nada. A protección do medio ambiente é unha tarefa cotiá na que todos temos que pór o noso gran de area.

Solo, auga, fauna, flora, vertidos,... Que é o que lles ocasiona maiores dores de cabeza?

Un dos nosos principais problemas son os incendios forestais. Tendo en conta que, en Galicia, dúas terceiras partes do territorio son zonas forestais, temos que velar por esta riqueza ambiental. Na actualidade, e debido á crise, un problema en auxe son os vertedoiros incontrolados, xa que danan o medio ambiente.

Percibiron nos últimos anos unha mellora da conciencia ambiental dos galegos? Sobre que aspectos estamos máis sensibilizados? E sobre os que menos?

A concienciación cada vez é maior, pero falta un longo camiño por percorrer. Grandes ondas de incendios forestais ou grandes vertidos, aparentemente espertan a concienciación medioambiental das persoas, sen embargo os modos de vida non os cambian en relación co medio ambiente. Estamos máis sensibilizados sobre a reciclaxe doméstica. E menos, desgraciadamente sobre incendios.

E vaiamos ao noso, os residuos urbanos. A pesar de dispoñer en Galicia de sistemas axeitados de xestión e tratamento desta tipoloxía de refugallo, aínda se segue a detectar algún que outro vertedoiro incontrolado, froito de prácticas pouco ortodoxas á hora de desentenderse dos desperdicios. É sinxelo identificar aos infractores? Que tipo de sancións cabe aplicar nestes casos?

Sinxelo non é, pero o SEPRONA é constante, e unha vez que localiza ou lle comunican que existe un vertedoiro incontrolado, facemos todas as xestións posibles para identificar ao responsable, dando conta posteriormente á autoridade competente. Dependendo do tipo de residuo, as sancións poden ir dende os 900 euros ata os 300.000 euros, coa obriga parella da restitución do estado natural da zona afectada.

O SEPRONA é a única Policía Xudicial Verde de Europa, o único grupo policial plenamente especializado na protección medioambiental. A súa importancia é tal, que incluso foi recoñecida por organizacións ecoloxistas de peso. Que significa isto para a institución?

É un orgullo ser a primeira policía ambiental europea, pero hai que ter en conta que, dende a creación da Garda Civil, hai 169 anos, na cartilla, o noso fundador xa plasmara que "Como una de sus principales obligaciones, considerará siempre el Guardia Civil la conservación de los montes y arbolados, así como de los bosques del Estado y particulares...", quedando xa patente que a Garda Civil ía protexer o medio ambiente. O noso obxectivo é seguir traballando para que se reduzan os danos na natureza.

SUBIR

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación
y Medio Ambiente

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquestón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



"Sogama non pode recibir fondos da Xunta, debe autofinanciarse"

O presidente de Sogama, Luís Lamas, fixo balance dos seus máis de catro anos ao fronte da Sociedade, mostrándose especialmente satisfeito de que a grave situación medioambiental que atopou no vertedoiro de Areosa se teña normalizado. Tamén abordou outros temas como a caída de ingresos pola venda de enerxía, a maior produtividade do complexo, os ingresos obtidos pola venda de vidro e aceiro residual ou a ILP contra a incineración.



Nunha entrevista concedida recentemente a Tele Lugo, o presidente de Sogama, Luís Lamas, fixo un repaso polos acontecementos máis relevantes desde que asumiu o cargo fai máis de catro anos. O responsable amosouse satisfeito, entre outras cuestións, de que a grave situación que se atopou en maio de 2009, e que afectaba ao vertedoiro de Areosa, cunha notable afeción sobre o medio ambiente e a saúde pública, se normalizara e que a Sociedade operara buscando a súa sostibilidade desde todas as dimensións, incluída a económica. Porque Sogama, asegurou, "non pode recibir fondos da Xunta de Galicia, senón que debe autofinanciarse, nutréndose dos ingresos procedentes fundamentalmente de dous conceptos: o canon que pagan os concellos polo servizo prestado e a venda de enerxía eléctrica".

Se ben a empresa obtivo un balance positivo en 2012, cuns beneficios de 4 millóns de euros, recoñeceu que a situación actual de incerteza económica pola caída de ingresos derivados da venda de enerxía a raíz dos últimos cambios legislativos, está repercutindo nas súas contas. "Sogama tampouco escapa á crise, pero podería dicirse

que lle afecta desde dous puntos de vista: un positivo, que é a redución da entrada de residuos nas súas instalacións, e outro negativo, que é o trasfondo que leva a esta situación e que non é outro que a contracción do consumo debido ao difícil escenario económico", precisou.

"Se introducimos no proceso de reciclado todo o vidro amoreado, estaríamos falseando os datos de recuperación deste material en Galicia"

A maior produtividade do complexo posibilitou que nos últimos 4 anos se reduciara nun 60 por cento a entrada de refugallo no vertedoiro de Areosa. Tanto

é así que, no 2012, alcanzáronse máximos históricos de eficiencia ao ter procesado máis de 554.000 toneladas de lixo, cando a súa capacidade nominal é de 550.000. E a iso, engadiu, "habería que unir igualmente o récord alcanzado en produción de enerxía, situada por riba dos 330.000 MWh".

Fitos de 2013

Lamas destacou dous fitos claves no balance industrial e económico de 2013 como son a recuperación do vidro e o aceiro residual contidos no lixo convencional. Por primeira vez na súa historia, Sogama decidiu proceder á recuperación do vidro, "iso si, logo dunha ardua negociación co SIG Ecovidrio", prevendo o envío a centros recicladores dunhas 30.000 toneladas anuais, incluíndo nas mesmas a evacuación das 170.000 acumuladas nun depósito de inertes desde a entrada do complexo en operación comercial, en 2002. "Optouse por esta cifra anual porque se introducimos no proceso de reciclado todo o vidro amoreado, estaríamos falseando os datos de recuperación deste material en Galicia", subliñou.

Tamén a recuperación de aceiro residual, constituíu unha gran novidade, toda vez que entre 7.000 e 11.000 toneladas anuais deste material estábanse desviando a Areosa.

A venda de ambas fraccións reportará á Sociedade uns ingresos de entre 1 millón e 1 millón e medio de euros ao ano, "diñeiro que, poderíamos dicir, ata agora se arro-xaba directamente a vertedoiro".

Incineración Vs vertido

Respecto da incineración con recuperación de enerxía, o presidente de Sogama limitouse a proporcionar a información da Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT), que acredita, con datos reais, que Europa dispón de máis de 400 incineradoras das cales, da orde de 75 atópanse en Alemaña, contabilizándose en España tan só 10.

"Os pais da ILP gobernaron catro anos antes e Sogama seguiu funcionando, coa diferenza de que entón se desviaba o 60 por cento do lixo ao vertedoiro"

Así mesmo, argumentou que reciclaxe e incineración son "perfectamente complementarias" tal e como o acreditan os países europeos máis avanzados e comprometidos co medio ambiente, con altos índices de valorización enerxética e de reciclado.

Neste sentido, e respecto da Iniciativa Legislativa Popular en contra da incineración e rexeitada polo goberno autonómico do PP no Parlamento,

Lamas chamou a atención de que se poña sobre a mesa despois dunhas eleccións nas que un partido gañou por maioría absoluta, recollendo no seu programa un determinado posicionamento en torno á xestión dos residuos, coa particularidade de que "os pais desta ILP gobernaron catro anos antes e Sogama seguiu funcionando igualmente, coa diferenza de que nese momento se desviaba o 60 por cento do lixo ao vertedoiro". Non obstante, admitiu que "os promotores teñen todo o dereito a presentar esta ILP e, por suposto, o Parlamento todo o dereito a rexeitala".

Tamén se referiu ao estudo público "ex post" encargado pola Comisión Europea respecto da actividade desta empresa pública, con resultados moi positivos desde unha triple óptica: medioambiental, económica e social.

Sensibilización na casa e na escola

Respecto ao programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama, Luís Lamas valorou que "é todo un acerto, tanto dende o punto de vista ambiental como económico" xa que se trata de recuperar unha tradición no rural galego e de reducir a materia orgánica no contenedor verde xenérico, no que representa ata un 50 por cento. A día de hoxe xa son preto de 1.500 vivendas adscritas, situadas en máis de 30 concellos, e moitas as peticións individuais recibidas.

"A mellor forma de coñecer unha instalación é véndoa. Polo complexo medioambiental de Sogama en Cerceda xa pasaron 57.000 personas"

Se de algo se mostra orgulloso o máximo responsable de Sogama é do programa de visitas abertas á entidade. Ata o de agora, xa pasaron polo complexo 57.000 persoas, entre elas unha delegación do Banco Mundial integrada por representantes de Acerbaixán, Croacia e Xeorxia que quedaron impactados pola magnitude do recinto e o

alcance do modelo de xestión polo que apostou a Xunta de Galicia. "A mellor forma de coñecer unha instalación é véndoa", reflexionou Luís Lamas.

A nivel educativo, mencionou recentes campañas tales como o portal de [Caderno Verde](#), que pon a disposición recursos didácticos para infantil e primeiro ciclo de primaria desde a perspectiva a ambiental; os magníficos resultados do programa "Recíclate con Sogama", no que participaron 16 centros de primaria; e á campaña "[Segundas oportunidades sempre foron boas. Reaccional](#)", coa que se intenta abundar no concepto de consumo responsable e reciclaxe.

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Un total de 60 vivendas do municipio pontevedrés de Salceda de Caselas e do coruñés de Boiqueixón acaban de sumarse ás preto de 1.500 situadas noutros 30 municipios galegos adscritos durante os tres últimos anos ao programa de autocompostaxe impulsado por Sogama.

En concreto, 30 vivendas rurais do municipio pontevedrés de Salceda de Caselas e outras 30 do coruñés de Boiqueixón contribuirán á reciclaxe de residuos orgánicos en Galicia. Os bos resultados acadados con esta iniciativa deixan constancia dos beneficios positivos para todos os usuarios. Por unha parte, polo aforro na adquisición de fertilizantes artificiais, que se substitúen polo compost natural elaborado nas casas, e por outra, pola redución na factura que os concellos deben pagar a Sogama pola xestión dos refugallo depositados nos contedores verdes convencionais.

Sogama dotou a ambos municipios con composteiros de 360 litros de capacidade, fabricados con material reciclado e reciclable. Grazas a estes modernos recipientes acelérase e mantense un maior control sobre o proceso de fermentación de restos de alimentos e podas, fundamentalmente. Os respectivos gobernos locais están a distribuír os composteiros entre as familias voluntarias, que tamén serán instruídas e asesoradas en todo momento por persoal municipal formado por Sogama.

Os fogares disporán, así mesmo, de manuais específicos nos que se explican cuestións técnicas de interese tales como a mestura axeitada de desperdicios, o control da temperatura e humidade, a prevención de posibles cheiros e, moi importante, os materiais que deben e non deben ser depositados no composteiro.

O compost resultante, tal e como xa se comprobou noutras experiencias, será un abono natural con gran poder fertilizante para hortas, xardíns e terras de cultivo.



O composteiro favorece a fermentación

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alferez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR



O curso tivo lugar a comezos de xullo en Pontevedra

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, co apoio da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP), organizou a comezos de xullo o curso "A xestión sostible dos residuos urbanos: beneficios ambientais, económicos e sociais".

O obxectivo desta acción formativa, de tres días de duración (do 2 ao 4 de xullo) e 20 horas lectivas, foi proporcionar as claves para levar a cabo unha axeitada xestión dos refugallos producidos na nosa comunidade, atendendo ás particularidades do territorio tales como a dimensión xeográfica, orográfica, climatolóxica, poboacional, social e cultural.

Baixo a dirección do presidente de Sogama, Luís Lamas, no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra déronse cita relatores de alto nivel de distintas entidades públicas e privadas. Entre eles, cargos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Fegamp, do despacho Garrigues Avogados e ata unha consultora autora, por encargo da Comisión Europea, dun [informe](#) sobre os notables beneficios da implantación do modelo Sogama en Galicia.

O curso distribuíuse en 12 conferencias e 2 mesas redondas, estando orientado ao público en xeral, pero sobre todo a profesores e universitarios, profesionais e expertos do sector, e representantes municipais.

Contido

As xornadas aproveitáronse para poñer en común un *modus operandi* para que o custo da xestión dos residuos sexa o menos lesivo para as arcas locais e os petos da cidadanía, ademais de respectuoso co medio ambiente e integrador dende a dimensión social. Esta estratexia é especialmente interesante dada a actual conxuntura de crise, tendo en conta ademais que o sistema de recollida e xestión de lixo é deficitario na maior parte dos municipios galegos.

Durante o evento tamén se trasladaron ao auditorio unhas orientacións básicas en torno á importancia da participación activa da cidadanía na xestión do lixo. Incidiuse en medidas que promovan unha menor produción, a reutilización e máximo aproveitamento dos produtos e, por suposto, a axeitada separación das distintas fraccións para que poidan ser recicladas e posteriormente colocadas de novo no mercado.

[Programa completo do curso](#)

SUBIR

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luís Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquestón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

A Sociedade Galega do Medio Ambiente ingresará arredor de 1.460.000 euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual contidos no lixo en masa recepcionado no complexo medioambiental de Cerceda tras a adxudicación dos respectivos contratos.



O vidro é reciclable 100%

En concreto, o servizo de recuperación do vidro foi adxudicado, por un período de catro anos, a Danigal Vidro. A entidade pública entregará á empresa ao redor de 30.000 toneladas anuais, incluíndo nas mesmas parte das 170.000 almacenadas no depósito de inertes, que se irán evacuando progresivamente. A adxudicataria cobrará á Sociedade pública 19,95 euros/tonelada de vidro recuperada. Non obstante, no marco dun acordo formalizado con Ecovidrio, Sogama percibirá 35 euros/tonelada, o que arroxa un beneficio neto de 15,05 euros, dúas veces máis do previsto inicialmente.

Polo que respecta á venda de aluminio, os ingresos de Sogama situaranse entre os 122.000 e os 184.000 euros anuais. A entidade adxudicou o contrato á firma Alumisel, S.A.U, por un importe de 510 euros por tonelada + IVE, prevendo que as cantidades seleccionadas oscilen entre as 240-360 toneladas/ano. O material, conformado maioritariamente por envases, sepárase mecanicamente na planta de elaboración de combustible (PRTE) a través de correntes de Foucault. Xa entre 2009 e 2012, a Sociedade Galega do Medio Ambiente posibilitou a reciclaxe de 1.346,23 toneladas de aluminio, obtendo uns beneficios de 565.000 euros.

Cento por cento reciclable

Pola súa banda, o importe da adxudicación do aceiro residual (aquele que pola súa composición e características – gran tamaño, mestura con outros elementos tales como teas, plásticos, etc.- non pode ser seleccionado a través dos sistemas magnéticos), que recaeu na firma Danigal Recuperaciones Férricas, S.L.U, ascende a 75,30 euros por tonelada recuperada + IVE. A partir deste momento, ás 600-900 toneladas mensuais de aceiro seleccionadas na PRTE a través de procesos automáticos (electroimáns Overband), uniranse as 700-1.000 toneladas de aceiro residual.

Deste xeito, posibilitarase o reciclado de máis do dobre do material clasificado ata o día de hoxe. O rendemento económico calcúlase entre os 580.000 e os 830.000 euros anuais (descontando o mes de parada técnica). Con esta iniciativa, a entidade pública contribúe ao mesmo tempo a incrementar as porcentaxes de reciclado en Galicia e evita desviar este material cento por cento reciclable ao vertedoiro de Areosa.

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alferez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"



Acto de entrega do premio en Outes

Co seu proxecto "Pensando en R", o CEIP Emilio Navasqués de Outes (A Coruña) proclamouse gañador do concurso de innovación educativa "Recíclate con Sogama 2012-2013". O CRA de Monterrei e o CEIP Manuel Masdías de Ferrol fixéronse co segundo e terceiro posto respectivamente.

A memoria aportada polo centro outense conseguiu a maior puntuación en todos os apartados, tanto no de criterios xerais, nos que se examinaba o grao de cumprimento relativo á educación en valores que pregoa o Plan Proxecta da Xunta de Galicia, como nos referentes aos criterios específicos, nos que se analizaba o nivel de acerto á hora de depositar o lixo nos distintos contedores que conforman a illa de reciclaxe proporcionada por Sogama. Tamén se valorou de xeito moi positivo a implicación no programa das familias e do concello.

O CRA de Monterrei e o CEIP Manuel Masdías de Ferrol foron, respectivamente, o segundo e terceiro galardoados. Ademais, e co obxectivo de recoñecer o labor daqueles centros que destacaron polo seu esforzo e traballo, concedéronse accésitos ao CEIP Coirón Dena de Meaño, CEIP de Oca, en A Estrada, e CPI Ramón Piñeiro de Láncara (Lugo).



Material didáctico elaborado polos alumnos de Outes

Entrega do premio

O acto de entrega do primeiro premio celebrouse na Casa de Cultura de Outes a mediados de xuño coa presenza do presidente de Sogama, Luís Lamas, e o asesor de Innovación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Alberto Sacedo. Durante o evento, os gañadores recibiron un vale de 1.000 euros canxeable por material educativo e entradas para o Aquapark de Cerceda. Pola súa parte, o segundo e terceiro clasificados foron galardoados, co mesmo fin, con vales por valor de 700 e 300 euros respectivamente.

O obxectivo do concurso do "Recíclate con Sogama 2012-2013" foi poñer de relevo o interese demostrado ao longo dos últimos meses polos 16 centros escolares participantes nesta iniciativa promovida por Sogama e canalizada a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia.

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alferez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luís Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiuxón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es





Os gañadores de Ecovoz 2012-13 con Luís Lamas

Xornada de lecer acuático para despedir o programa Ecovoz

Centos de alumnos participantes no programa Ecovoz despediron a mediados de xuño a edición 2012-2013 cunha gran festa celebrada no Aquapark de Cerceda (A Coruña). Tras dous anos de mal tempo, nesta ocasión os asistentes poideron gozar ao máximo dunha divertida xornada de lecer ao aire libre

No transcurso do día, os cativos tamén asistiron á entrega dos premios correspondentes á 14ª edición do programa radiofónico na que resultou gañador o CEIP Eladia Mariño de Cabanas (A Coruña). O proceso de clasificación tivo lugar no marco do concurso "O Ecopreguntoiro", no que alumnos de sexto de primaria de 16 centros galegos competiron en coñecementos medioambientais, demostrando todos eles a súa gran bagaxe na materia. No apartado de fotografía ambiental, o galardón recaeu nunha alumna do CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo (Lugo), mentres que o de vídeo foi para o colexio Lestonnac de Ferrol.

Non obstante, en maior ou menor medida, todos os centros participantes recibiron un premio a cargo das autoridades asistentes como o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, Justo de Benito; o presidente de Sogama, Luís Lamas; e a Tenente Alcalde do concello de Cerceda, Begoña Rodríguez, ademais do director do centro vencedor.

Ecovoz é un programa radiofónico de corte ambiental que difunde dende hai 14 anos a emisora Radio Voz Galicia en colaboración con Sogama e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O seu obxectivo é, en xeral, formar á cidadanía galega nas boas prácticas ambientais e, en particular, aos máis novos, que teñen como aliciente a sá rivalidade do concurso "O Ecopreguntoiro".

SUBIR

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luís Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Multimedia

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

A familia Trebón aprende como facer compost Capítulo 4



[Ver vídeo](#)

O Caderno Verde tamén é para o verán!

Mira estas divertidas fichas para entreterte nas vacacións!

[Ver máis](#)

Bótalle unha partida antes da praia ou da piscina e "Separa para reciclar"!

[Ver máis](#)

O escaparate de Sogama ao mundo

Vídeo institucional en inglés.



[Ver vídeo](#)

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Actualidade

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Nova edición da campaña “Separemos ben, reciclaremos mellor” en 150 concellos



A Consellería de Medio Ambiente e Sogama, coa colaboración de Ecoembes e os Sistemas Integrados de Xestión de Pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP), abordan unha nova edición da campaña de recollida selectiva “Separemos ben, reciclaremos mellor”. A previsión é que a iniciativa se estenda por máis de 150 concellos que manifestaron o seu interese na mesma.

Un vehículo adaptado co lema da campaña e imaxes vinculadas á reciclaxe situarase no lugar acordado cos concellos para que monitores especializados expliquen aos transeúntes a importancia que ten participar activamente na xestión dos residuos mediante a redución, a reutilización e o reciclado.

Así, recordarase á cidadanía o correcto uso dos distintos contedores. Mentres que o recipiente de cor amarela, un dos que xera maior confusión, se destina a acoller envases de plástico, latas e briks, o azul resérvase para o cartón e papel. Pola súa banda, o iglú verde está destinado a acoller os envases de vidro, e o verde xenérico, a fracción resto. En lugares públicos tamén se poden atopar minicontedores para pilas.

No ámbito rural recoméndanse as prácticas de compostaxe doméstica para tratar os residuos orgánicos dos fogares e transformalos nun excelente abono natural, tal e como defende o programa de autocompostaxe de Sogama, con máis de 1.500 vivendas xa adscritas.

Xunto ao vehículo haberá unha carpa que albergará o xogo xigante da reciclaxe, destinado aos máis pequenos, e tamén se distribuirá diverso material divulgativo e merchandising.

Ao inicio do curso escolar

A campaña reforzarase a partir do mes de outubro, coincidindo co inicio do curso escolar, motivando a participación de alumnos de primaria e secundaria en diversas actividades e concursos. Así mesmo, a partir do último trimestre do ano, contémpase a celebración de charlas informativas dirixidas a asociacións, colectivos e público adulto en xeral.

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa “Recíclate con Sogama”

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Eventos

Boletín Informativo XULLO 2013

Xaquedrím, a nova mascota para os afeccionados ao xadrez

O presidente de Sogama, Luís Lamas, foi unha das testemuñas da presentación en sociedade de Xaquedrím, a nova mascota da asociación cultural Xaquedrum de Lugo, unha entidade coa que colabora a Sociedade pública. Ao acto, que tivo lugar no colexio lucense de Nadela asistiu tamén o presidente da entidade lúdica, Pablo Castro; a concelleira de Educación de Lugo, Esther Muñoz; e o adestrador do Club de Fútbol Lugo, Quique Setién, con quen a mascota xogou unha partida de xadrez para delicia dos máis pequenos.

O evento, que tivo lugar a finais de maio, foi aproveitado para facer entrega dos premios enmarcados no concurso "Búscame nome" a través do cal se bautizou ao novo membro do equipo de xadrecistas. Os "padriños" da mascota foron Nicolás Acebedo e Mario Rodríguez.

Xaquedrum é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto promover a práctica do xadrez entre os distintos colectivos sociais polos seus grandes beneficios na formación integral das persoas.



Xaquedrím xogou ao xadrez na súa presentación en sociedade

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alferez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luís Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XULLO 2013



Un grupo de veciños de Xove

Medio milleiro de visitas ao complexo na Semana do Medio Ambiente

Durante a Semana do Medio Ambiente, celebrada entre o 31 de maio e o 18 de xuño, arredor de medio milleiro de veciños de sete municipios adscritos recentemente ao programa de compostaxe doméstica de Sogama visitaron o complexo medioambiental de Cerceda. Alí poideron coñecer de cerca a actividade desenvolvida no mesmo.

En concreto, as instalacións recibiron a grupos de todas as idades de O Saviñao, Xove, Meira, Cospeito e Monterroso, na provincia de Lugo; Vedra, na de A Coruña; e Cerdedo, na de Pontevedra.

Se queres ver máis fotos das visitas, bótalle un [vistazo á galería!](#)



No caso da provincia de Ourense, Sogama asinou recentemente coa Deputación un proxecto específico de autocompostaxe que abarcará ao redor de 47 concellos que delegaron no ente provincial o servizo de recollida e xestión de refugallos.

Receitario con sobras de comida

Tamén con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, e aparte de intensificar o seu programa de visitas guiadas ao complexo, Sogama sumouse á conmemoración desta efeméride instando á cidadanía a reducir os desperdicios de alimentos na liña do lema deste ano "Pensa. Aliméntate. Aforra". A entidade editou no seu momento o receitario "Para repañar o prato!" con exquisitos menús elaborados a partir de sobras de comidas. A publicación está dispoñible en [formato dixital](#) na web de Sogama e na sección "[Que comes hoxe](#)" desta newsletter.

Así mesmo, o xogo xigante dos residuos visitou durante dúas xornadas, e con motivo desta celebración, o Centro Comercial Ponte Vella de Ourense.

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XULLO 2013

Fin de curso multitudinario para Voz Natura



Carpa de Sogama na festa de Voz Natura

Como manda a tradición, o parque de Acea de Ama en Culleredo (A Coruña) acolleu a festa de clausura da 16ª edición de Voz Natura. Máis de 50.000 escolares de toda Galicia participaron na actividade que este ano académico se dedicou de cheo ás enerxías renovables pola súa contribución á protección e mellora do medio ambiente.

Os rapaces, acompañados por profesores e familias, poideron gozar dunha inesquecible xornada na que non faltaron a entrega de premios nin xogos, entretemento, aprendizaxe, humor e, sobre todo, diversión. Sogama, que colaborou na festa do programa Voz Natura promovido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, obsequiou aos pequenos con diversos obradoiros sobre reutilización. Os cativos poideron participar no xogo de mesa da reciclaxe e levar de agasallo material promocional relacionado co medio ambiente.



A mascota do Xabarín Club tamén acudiu á festa de Voz Natura

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XULLO 2013



1º premio, categoría adultos e Top Cervo

O Concello de Cervo entregou os premios do III Concurso de Fotografía Ambiental

O concello lucense de Cervo entregou no Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño) os premios do III Concurso de Fotografía Medioambiental "Cervo Respecta 2013", que contou coa colaboración de Sogama. Esta é unha iniciativa xestada para poñer en valor o patrimonio natural de Galicia e contribuír á concienciación da poboación sobre a necesidade de participar na súa protección como garantía de saúde, benestar e calidade de vida.



1º premio da categoría xuvenil



2º premio da categoría xuvenil

Na categoría xuvenil, o primeiro premio e Top Cervo (co que se recoñece as mellores instantáneas tomadas no municipio) foi para Miguel Baltar coa obra "O intruso", e o segundo para Dara Bakteeva polo traballo "Non se come. Non se arrinca".

Xa na categoría de adultos o primeiro premio recaeu en Juan Antonio Fernández por "Presa dos lodos vermellos", o segundo en Pedro A. Vicente por "As ruínas" e o Top Cervo, en María Elena Fernández por "Terra, mar e aire". O medio centenar de fotografías presentadas ao concurso xa forman parte dunha exposición aberta ao público.



2º e 3º premio, categoría adultos e Top Cervo

SUBIR

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Boletín Informativo XULLO 2013

Sogama sumouse ao Día Mundial dos Océanos

O mar non pode seguir sendo o gran vertedoiro da humanidade. Consciente desta gran problemática, Sogama quixo sumarse o pasado 8 de xuño á celebración do Día Mundial dos Océanos. Esta é unha xornada coa que se pretende invitar á reflexión sobre o maltrato ao que sometemos a un recurso imprescindible para a nosa vida, toda vez que nos proporciona alimento, enerxía e auga, actuando ademais como regulador do clima e principal vía de comunicación humana.

Segundo datos da Axencia Ambiental Federal de Alemaña, calcúlase que o volume de lixo nos océanos do mundo supera os cen millóns de toneladas, das cales o 80 por cento procede de residuos xerados no ámbito terrestre. O exemplo máis visible da contaminación oceánica é a denominada



A efeméride conmemórase o 8 de xuño

"Sopa de plástico", situada ao nordeste do Océano Pacífico, que alberga 6 millóns de toneladas de desperdicios, contando cunha extensión dúas veces superior á de Estados Unidos. Por todo isto, e en liña coa súa política de actuacións ambientais, Sogama tamén aposta pola protección e coidado dos mares e océanos para garantir un futuro sostible.

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alfárez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luis Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiuxón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Recíclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

[SUBIR](#)

Multimedia

Actualidade

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



ENTRANTE

Salpicón de peixe sapo, gambas e mexillóns

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 200 gr. Mexillóns.
- 250 gr. Gambas.
- 250 gr. Peixe sapo.
- 1 und. Pemento verde.
- 1 und. Pemento vermello.
- 1 und. Cebola.
- c/s. Aceite de oliva.
- c/s. Vinagre.
- c/s. Sal.
- c/s. Pementa.
- c/s. Torradas.
- 1 und. Dente de allo.



ELABORACIÓN:

- Picar os pementos e a cebola en cadradiños pequenos.
- Pelar as gambas e cocelas.
- Limpar os mexillóns e cocelos ata que abran.
- Cortar as gambas, os mexillóns e o peixe sapo en anacos pequenos e deixar arrefriar.
- Preparar a vinagreta mesturando unha parte de vinagre por tres de aceite. Salpementar e bater para homoxeneizar a mestura.
- Mesturar todos os ingredientes e aliñar coa vinagreta.

PRESENTACIÓN:

Servir o salpicón cunhas torradas refregadas cun pouco de allo.

c/s: *cantidade suficiente*

SE PREFIRES CARNE...

Porco con verduras e soia

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 1,6 Kg. Carne de porco.
- 100 gr. Cebola en tiras.
- 100 gr. Pemento vermello en tiras.
- 100 gr. Pemento verde en tiras.
- 100 gr. Cenoria en tiras.
- 3 dl. Salsa de soia.
- 1 dl. Ketchup.
- c/s Aceite oliva.



ELABORACIÓN:

- Dourar a cenoria nun pouco aceite de oliva. Pasados dous minutos, engadir a cebola e os pementos e deixar cocinar outros 5 minutos. Despois, engadir a salsa de soia e o ketchup e deixar ferver.
- Nunha tixola aparte, fritir a carne en tiras ou dados.
- Unha vez fritida, engadir as verduras e ferver 2 minutos.

c/s: *cantidade suficiente*

SE ES MÁIS DE PEIXE...

Bonito enrolado con ensalada

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 500 gr. Bonito.
- 1 und. Cebolas.
- 100 gr. Olivas.
- 100 gr. Torrada de xamón cortada.
- c/s Pementa branca.
- c/s Pementos asados.
- 1 und. Ovos medianos.
- 1 und. Rebandas de pan de molde (ou miga de pan) remolladas en leite.
- c/s Pan relado.
- c/s Perexil.
- 1/2 und. Pemento vermello.
- 1 und. Pemento verde.
- 1/2 und. Porro (só a parte branca).
- 1 und. Dente de allo.
- 1/2 und. Vaso de coñac.
- 1/2 und. Vaso de viño branco.



ELABORACIÓN:

- Picar o bonito en anacos pequenos e engadir: 1/2 cebola picada moi miúda, olivas picadas, xamón, pementos asados, perexil, pementa, sal, o pan escoado do leite, os ovos enteiros crus e un pouco de pan relado.
- Mesturar moi ben tódolos ingredientes (igual que se preparásemos albóndegas) e formar un rolo.
- Pór aceite nunha tixola, quentalo e fritir o rolo. Reservar.
- No mesmo aceite, facer un refrito co resto da cebola, os pementos e o porro. Cando o refrito estea no seu punto, machucar no morteiro os allos, canda o perexil e un pouco de sal e desleir co coñac e o viño branco. Engadir ao refrito.
- Pasar a salsa por un coador se se desexa un mollo fino, e incorporar os rolos de bonito, engadindo auga ata que nos pareza.
- Cocer (non demasiado porque o bonito xa está cocinado), é so para que quede ligado o rolo. Deixar arrefriar.

ACABADO E PRESENTACIÓN:

- Cando os rolos estean fríos, sacar da salsa e cortar en toros, presentar no prato co seu mollo e unha ensalada ao gusto.

c/s: *cantidade suficiente*

SOBREMESA

Dartoise de pexego

Nivel de dificultade: **1** **2** **3**

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 2 láminas Masa follada.
- PARA A CREMA DE AMÉNDOA:
- 65 gr. Manteiga.
- 125 gr. Améndoa moída e azucre glass a partes iguais.
- 15 gr. Fariña.
- 2 unid. Ovos.
- 10 ml. Ron.
- 1 und. Xema de ovo.
- 250 gr. Metades de pexego peladas e lavadas (serve tamén pera, albaricque, cirolas, ...).
- c/s Leite.
- c/s Azucre glass.



ELABORACIÓN:

Para a crema de améndoa:

- Pór a manteiga en pomada, é dicir, abrandar.
- Engadir á mestura de améndoa e azucre glass, a fariña e os ovos un por un, batindo ata que a crema quede homoxénea; engadir ao final o ron.

Para o dartoise:

- Estirar 1 lámina de masa follada ata formar un rectángulo de 27 cm. de longo por 12 cm. de ancho (ou dous círculos), pór sobre unha placa cun pouco de auga e pinchalo.
- Cubrir o rectángulo coa crema de améndoas deixando un bordo de 2cm. a cada lado.
- Secar os pexegos e colocalos sobre a crema de améndoa.
- Estirar o resto da masa follada ata formar unha tira de 27 cm. por 13 cm., dobrala pola metade ao longo, sen apertar, e cortar cun coitelo pola parte dobrada cunha separación de 3 cm. a todo o longo da tira sen chegar ata o final. Colocar a tira de masa follada sobre os pexegos pintando o bordo de embaixo e pressionando un pouco para pegalos.

PRESENTACIÓN:

- Pintar coa xema de ovo batida cun pouco de leite e cocer no forno a 200°C durante 40 min. Esparexer azucre glass ao final da cocción, unha vez frío.

c/s: *cantidade suficiente*

Entrevistamos a...

Margarita Ruíz Saiz-Aja
Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

Javier Medela Gallego
Alferez Xefe Sección Seprona
Comandancia da Garda Civil de A Coruña

Mundo SOGAMA

Luís Lamas, presidente de SOGAMA, fai balance dos seus máis de catro anos de mandato

Novas

Salceda de Caselas e Boiquexón, últimas incorporacións ao programa de compostaxe doméstica

Sogama organizou un curso da UIMP sobre a xestión sostible dos residuos urbanos

Sogama ingresará preto de 1,5 millóns de euros pola venda de vidro, aluminio e aceiro residual

O CEIP Emilio Navasqués de Outes, gañador do programa "Reciclate con Sogama"

Xornada de lecer acuático para despedir o Ecovoz

Multimedia

Actualidade

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es

